



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

BANDO

Convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas

D. JOSÉ EIRÁS PAZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA

FAI SABER QUE

A **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR** convoca a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregados/as

BENEFICIARIOS.-a) Na vía de programación 1a do artigo 15º: todos aqueles centros e entidades de formación inscritos no censo de centros colaboradores de formación ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, naquelas especialidades que teñan homologadas na data de publicación desta orde.

b) Na vía de programación 1b do artigo 15º: as persoas físicas, as entidades xurídicas e as institucións que desenvolvan unha actividade que teña relación directa coa formación, así como todos os centros e entidades de formación inscritos no Censo de Centros Colaboradores de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar.

c) Na vía de programación 2 do artigo 15º: administracións locais e outras institucións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que teñan entre o seus fins a formación ou inserción profesional dos colectivos de traballadores a que se dirixen estes programas.

d) Na vía de programación 3 do artigo 15º: as empresas, as súas asociacións ou outras entidades que presenten un proxecto formativo específico para elas con compromiso de contratación inmediata.


2. Non poderán ser beneficiarias das subvencións aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 30 de xuño de 2011.

Para mais información pódese acudir ó Concello de Moraña ou chamar por teléfono o número 986 55 30 05

Moraña, 7 de xaneiro de 2011.

O ALCALDE



Asdo. JOSÉ A. EIRAS PAZ